


# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL



**E.E.I CAAMAÑO**

**2022/2023**

## ÍNDICE

1.-Datos identificativos do Centro.....	pax 4
2.-Obxectivos específicos do Centro.....	pax 5
3.-Medidas que se van a desenvolver para a súa consecución.....	pax 6
4.-Recursos previstos para o efecto.....	pax 7
5.-Concreción anual do Proxecto Educativo.....	pax 9
6.-Estratexias metodolóxicas e organizativas de atención ao alumnado.....	pax 10
7.-Cadro de organización pedagóxica.....	pax 12
8.-Plan de actuación de órganos colexiados.....	pax 13
9.-Xornada escolar e horario do centro.....	pax 15
10.-Quendas de vixancia dos recreos.....	pax 19
11.-Programación e calendario das reunións dos órganos de goberno.....	pax 20
12.-Programación e calendario das reunións dos ODC.....	pax 21
13.-Participación do profesorado do centro en PIE.....	pax 22
14.-Materiais curriculares e recursos didácticos.....	pax 23
15.-Programa anual de actividades complementarias e extraescolares.....	pax 24
16.-Plan de autoprotección.....	pax 26
17.-Horario de atención ao público secretaría / equipo directivo.....	pax 27
18.-Plan para a potenciación das relación coas familias.....	pax 28
19.-Plan de utilización das instalacións do centro.....	pax 29
20.-Plan de actividades propostas pola ANPA.....	pax 30

21.-Plan xeral de avaliación do centro.....pax 31

22.-Plan Lector.....pax 35

23.-Proxecto lingüístico.....pax 36

24.-Actividades levadas a cabo dentro do Plan Proxecta.....pax 37

25. Concreción do Plan de Convivencia.....pax 38

26. Plan Dixital.....pax 39

27. Orzamento económico.....pax 40

PXA EEI CAAMANTO

## **1.- DATOS IDENTIFICATIVOS DO CENTRO.**

*E.E.I DE CAAMAÑO, CÓDIGO: 15013783*

*C/ CRUZ S/N 15996 PORTO DO SON*

*A CORUÑA*

*603 470 924*

A EEI Caamaño atópase situada no lugar de Caamaño, no concello de Porto do Son. Trátase dunha antiga escola que conta con un total de 4 espazos. Na planta baixa do edificio atopamos a aula de traballo organizada en diferentes recantos de xogo e aprendizaxe, e o Remanso, espazo no que se atopan a biblioteca e a ludoteca. Na planta superior atopamos un ximnasio e unha aula de usos múltiples, empregada entre outros fins, como salón de actos e sala de xogo simbólico.

No exterior, a escola conta cun patio de xogos no que podemos atopar diferentes columpios para o entretemento dos cativos e tres zonas delimitadas como horto.

A escola está adscrita ao CEIP de Xuño, situado a excasos kilómetros de distancia. O noso centro atópase adscrito ao Departamento de Orientación de dito centro. Por outra banda, no que se refire á ensinanza de Relixión e á especialidade de PT, o centro depende do CEIP Campanario de Baroña, mentras que a especialista de Inglés procede do CEIP Sobrado-Nebra.

A escola conta na actualidade con un total de 13 nenos e nenas de entre os 3 e os 5 anos, respectando así o ratio establecido na **Orde do 12 de marzo do 2013** modificada pola **Orde do 18 de decembro do 2020**, onde se establece un máximo de 20 nenos e nenas por aula en unidades mixtas.

## **2.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DO CENTRO.**

1. Velar pola boa organización e funcionamento do centro, utilizando os recursos materiais e humanos dispoñibles.
2. Promover unha metodoloxía global, integradora e significativa, altamente motivante para o alumnado.
3. Promover a participación das familias no desenvolvemento do proceso educativo.
4. Difundir a actividade desenvolta na escola co fin de dar a coñecer o centro educativo e promover a futura escolarización doutros nenos e nenas.
5. Crear diferentes plataformas a partir das cales se manteña un contacto continuado coas familias e se divulgue a actividade didáctica realizada no centro.
6. Mellorar as infraestructuras do centro.
7. Cumprir as normas básicas de convivencia do centro.
8. Promover unha boa coordinación pedagóxica entre o profesorado, así como unha boa relación con toda a comunidade educativa e con todas as institucións coas que nos relacionamos.
9. Facer da escola un referente dentro do noso concello de innovación metodolóxica, pedagogía integradora e escola aberta a toda á comunidade educativa.
10. Fomentar o respecto cara a diversidade física e psíquica, sexual e de organización familiar.
11. Destacar o papel da muller na sociedade actual así como na historia, e traballar a través da coeducación.

### **3.-MEDIDAS QUE SE VAN A DESENVOLVER PARA A SÚA CONSECUCCIÓN.**

1. Favorecer a planificación e organización das distintas actividades en colaboración con distintas organizacións e entidades, así como co propio concello de Porto do Son.
2. Dinamizar o uso da renovada biblioteca como espazo de lecer, ocio e desfrute, achegando aos nenos á lectura a través do conto.
3. Optimizar o funcionamento do espazo Tic da escola como recurso para achegar aos nenos e nenas ás novas tecnoloxías na medida das súas posibilidades.
4. Divulgar e dar a coñecer a actividade didáctica do noso centro educativo dentro do contorno da propia escola.
5. Empregar as novas tecnoloxías e as redes sociais como medio para a promoción e difusión das actividades da escola, resguardando sempre a imaxe e datos persoais do alumnado e o profesorado.
6. Desenvolver medidas de atención ao alumnado con necesidades de reforzo educativo.
7. Velar pola correcta convivencia, o respecto á diversidade e desenvolver técnicas e medidas encamiñadas a evitar actitudes de sexismo e bullying.
8. Manter unha comunicación continua e fluída coas familias.
9. Promover a renovación e reciclaxe do equipo docente.
10. Desenvolver diferentes propostas pedagóxicas que leven a nosa labor educativa máis aló do centro, espallando a nosa actividade a diferentes niveis sociais.
11. Desenvolver actividades que nos permitan coñecer a diversidade existente na nosa contorna, en canto ás capacidades físicas e psíquicas, a sexualidade e a diversidade na organización familiar na sociedade.
12. Coñecer e valorar o papel da muller na sociedade actual e na historia.
13. Integrar a coeducación de xeito transversal a través de distintas propostas.

#### **4.-RECURSOS PREVISTOS PARA O EFECTO:**

A normativa vixente en canto a organización e funcionamento do centro, atendendo entre outros documentos ao Decreto 374/1996 do 17 de outubro, á Orde do 22 de xullo de 1997 e á Orde do 25 de xuño do 2009.

2. O currículo de Infantil, parte do recollido pola Ley Orgánica 3/2020 do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de Educación, o Real Decreto 95/2022 do 1 de febreiro polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da Educación Infantil e o Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Atenderemos á súa vez aos diferentes Niveis de Concreción curricular.

4. Os diferentes plans e proxectos de centro, tomando como referencia principal a Concreción Curricular recollida dentro do Proxecto Educativo do centro, onde se concretan os principais elementos curriculares para a realidade da nosa escola.

5. Recursos existentes no centro e os que solicitemos á Consellería, e ao Concello .

6. A asignación orzamentaria da Consellería.

7. Cuota trimestral voluntaria das familias.

8. Conto como ferramenta para o achegamento á literatura e o desenvolvemento da lectura a e escritura.

9. Canción como ferramenta para o desenvolvemento de rutinas, adquisición de hábitos e achegamento á expresión artística.

10. Xogo como ferramenta para a sociabilización e a adquisición de autonomía.

11. Recursos naturais obtidos directamente do contorno máis cercano.

12. Recursos materiais caracterizados pola súa composición en madeira e outros

materiais naturais.

13. Recursos tics tales como a PDI, a tablet e a robótica (bluebot e Ozobot).

14. Recursos humanos:

-Mestre titor.

-Mestra de Inglés.

-Mestra de Relixión.

-Mestre especialista en PT.

-Mestre especialista en AL.

-Persoal auxiliar coidador.

15. Estreita colaboración coas familias.

PXA EEI CAAMAÑO



**5.-CONCRECIÓN ANUAL DO PROXECTO EDUCATIVO.**

Non existen modificacións respecto ao curso anterior.

PXA EEI CAAMAÑO

## **6.-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEE.**

No presente curso dentro da diversidade do noso alumnado contamos con dous casos NEAE:

-Caso 1: TEA con probale TDAH asociado.

-Caso 2: Retraso madurativo e da linguaxe.

Ambos casos serán atendidos seguindo o descrito na lexislación recollida a continuación:

- Decreto 150/2022 do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

-Decreto 220/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio de educación.

-Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación

A nivel de centro terase en conta o descrito nos seguintes documentos:

-Programación xeral anual.

-Plan xeral de atención á diversidade.

-Plan de Orientación.

-Plan de acción tutorial.

-Programación didáctica ou de aula.

Para a atención de ambos casos será necesaria a intervención dos seguintes especialistas:

-Mestre especialista en PT (dúas sesións).

-Mestre especialista en AL (4 sesións).

Contaremos á súa vez con apoio á educación infantil por parte de profesorado con dispoñibilidade horaria.

No presente curso 22-23 contamos no centro dunha auxiliar/coidadora que atende durante as 5 horas lectivas e durante toda a semana os dous casos de NEAE descritos anteriormente.

PXA EEI CAAMANO

## 7.-CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

### ALUMNADO

	Alumnos	Alumnas	TOTAL
4º Nivel	2	1	3
5º Nivel	2	4	6
6º Nivel	1	3	4
TOTAL	5	8	13

### PROFESORADO

A continuación preséntase o cadro de mestres cos que contará a escola durante o curso 2021-2022, e que atende ao regulado pola **Orde do 12 de agosto do 2010** modificada pola **Orde do 26 de xullo do 2022**.

-Rodrigo Pérez Lago; mestre titor e responsable da escola.

\_Centro base: CEIP Campanario.

-M<sup>a</sup> del Carmen Lago Casabella; mestra de Relixión Católica.

-Santiago Piñeiro Vázquez. Mestre de P.T.

\_Centro base: CEIP Sobrado-Nebra.

-Mirian Freire Pardo. Mestra de Inglés

\_Centro base: CEIP Xuño.

-Diego Pazos Saínza. Xefe do departamento de orientación adscrito.

-David Alejandro Louzao. Mestre de A.L.

### 8.-PLAN DE ACTUACIÓN DE ÓRGANOS COLEXIDADOS.

	ÓRGANOS	PLAN DE ACTUACIÓN	PERSOAL
ÓRGANOS DE GOBERNO	Equip. directivo: director, xefa estudos, secretario	- Dirixir e coordinar a actividade, organización e economía do centro	-Rodrigo Pérez Lago.
	Consello escolar: <i>#C.Convivencia.</i> <i>#C.Económica.</i>	-Participar na xestión do centro e decidir sobre os aspectos non docentes.	-Rodrigo Pérez Lago. -Magdalena Pérez Millares.  -María del Pilar Santos Santiago.
	Claustro	-Planificar, coordinar e decidir sobre os aspectos docentes.	-Rodrigo Pérez Lago.
ÓRGANOS DE COORD. DOCENTE	Equipos de ciclo	- Coordinar toda a actividade do ciclo Organizar e desenvolver as ensinanzas propias do ciclo	-Rodrigo Pérez Lago.
	CCP	- Revisar e coordinar as programacións e proxectos.	-Rodrigo Pérez Lago.
	Equipo Dinamización da Lingua Galega.	-Fomentar o uso do galego a nivel do profesorado, en todos os actos	- Rodrigo Pérez Lago.

		<p>académicos.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aumentar a competencia do alumnado no uso das linguas, castelan galego e inglés.</li> <li>- Acadar unha axeitada competencia en galego ao remate da etapa</li> </ul>	
	Equipo de act. complementarias e extraescolares	- Coordinar todo tipo de actividades complementarias e extraescolares do centro.	-Rodrigo Pérez Lago.

PXA EEI CAMARANO

### **9.-XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO.**

O centro conta con xornada continuada nun horario de 09.00 h. a 14.00 h, atendendo así ao recollido na Orde do 29 de maio do 2008.

#### **\_O horario xeral do centro:**

-Luns: 09:00 a 14.00; horario lectivo // 14.00 a 15.00; Titorías.

-Martes, mércores, xoves e venres: 09.00 a 14.00; horario lectivo.

#### **\_Distribución horaria do mestre responsable do centro.**

-Luns:

-09.00 a 14.00 horario lectivo.

14.00 a 15.00: Titorías.

-Martes, mércores, xoves e venres:

-08.30 a 09.00: Tarefas de dirección.

-09.00 a 14.00: Horario lectivo.

-14.00 a 14.30: Dinamizacións.

**Distribución horaria da mestra de Relixión:**

-Luns:

-11.35 a 12.50 (Apoio á educación infantil).

-Mércores:

-09.00 a 10.00 (Apoio á educación infantil).

- 10.00 a 10.50 (Relixión).

**Distribución horaria da mestra de Inglés:**

-Xoves:

-11.30 a 12.00 (Garda de recreo.)

-12.00 a 12.30 (Apoio á educación infantil).

- 12.30 a 13.00 (Inglés)

- 13.00 a 14.00 (Apoio á educación infantil).

-Venres:

-11.30 a 12.00 (Garda de recreo).

- 12.00 a 12.30 (Apoio á educación infantil).

-12.30 a 13.00 (Inglés).

- 13.00 a 13.10 (Apoio á educación infantil).



**\_Distribución horaria do mestre de A.L:**

- Martes de 11.30 a 12.30
- Xoves de 11.30 a 12.30

**\_Distribución horaria do mestre de P.T:**

- Mércores de 09.00 a 11.30
- Venres de 09.00 a 11.30

**\_Distribución horaria persoal auxiliar - coidador:**

- Luns a venres de 09.00 a 14.00.

*Tareas desenvoltas dentro deste horario:*

- Atender ao alumnado nas entradas e saídas, hábitos de hixiene, aseo e alimentación.*
- Atender ao alumnado nos recreos, xogos e tempos de lecer.*
- Atender ao alumnado nos cambios de actividade.*
- Facilitar os traslados polos espacios do centro.*
- Contibuír ao coidado do alumnado durante todo período lectivo, mesmo dentro da aula cando resulte necesario.*
- Colaborar na atención dese alumnado durante o tempo de recreo,*

xogo e ou lecer.

-Nos caos excepcionais que resulte necesario, acompañar na ruta escolar o alumnado que requira da presenza do persoal auxiliar coidador.

-Colaborar nas actividades complementarias nas que participen a alumna ou alumno.

-Participar, logo da debida convocatoria, nas reunións nas que se aborden temas relacionados co alumnado que atende, colaborando nas liñas de coordinación establecidas polos equipos docentes que corresponda e polo departamento de orientación.

### Horario semanal do alumnado:

#### HORARIO EEI CAAMAÑO 2022 - 2023

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
09:00 10:00	RUTINA ENTRADA PROPOSTAS	RUTINA ENTRADA PROPOSTAS	RUTINA ENTRADA PROPOSTAS (2 GRUPOS)	RUTINA ENTRADA PROPOSTAS	RUTINA ENTRADA PROPOSTAS
10:00 11:00	ASAMBLEA PROXECTO	ASAMBLEA PROXECTO	RELIXIÓN ALTERNATIVA	ASAMBLEA PROXECTO	ASAMBLEA PROXECTO
11:00 11:30	RUTINA ASEO RUTINA MERENDA <b>LÁCTEOS</b>	RUTINA ASEO RUTINA MERENDA <b>BOCATA</b>	RUTINA ASEO RUTINA MERENDA <b>FROITA</b>	RUTINA ASEO RUTINA MERENDA <b>GALLETAS</b>	RUTINA ASEO RUTINA MERENDA <b>LIBRE</b>
11:30 12:00	RECREO PROPOSTAS LÚDICAS	RECREO PROPOSTAS LÚDICAS	RECREO PROPOSTAS LÚDICAS	RECREO PROPOSTAS LÚDICAS	RECREO PROPOSTAS LÚDICAS
12:00 12:30	CONTO	CONTO	CONTO	CONTO	CONTO
12:30 13:10	RECANTOS	RECANTOS	RECANTOS	INGLÉS	INGLÉS
13:10 13:45	XOGO SIMBÓLICO	PSICOMOTRICIDADE	XOGO SIMBÓLICO	RECANTOS	RECANTOS
13:45 14:00	RUTINA SAÍDA	RUTINA SAÍDA	RUTINA SAÍDA	RUTINA SAÍDA	RUTINA SAÍDA BIBLIOTECA

## **10.-QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS.**

Dispóñense 30 minutos diarios de tempo de recreo. Os horarios establecidos para o tempo de lecer é o seguinte: 11.30 a 12.00

Cabe destacar, que no presente curso a escolar continuaremos coa integración no horario escolar dos “Segmentos de ocio dirixidos” regulados pola **Orde do 22 de xullo de 1997** e pola. Trátase dun período de tempo de 15 minutos de xogo guiado e programado polo mestre titor/responsable da escola, e desenvolto polos mestres e mestras que levan a cabo a garda de recreo. Durante o tempo establecido para os “Segmentos de ocio dirixido”, os nenos/as disfrutarán de xogos rotatorios establecidos en diferentes recantos, asociados á construción, a composición de puzzles, a lectura e o desenvolvemento psicomotor, todo elo dentro do marco da corrente dos “*patios dinámicos*”. O horario establecido para os segmentos de ocio dirixido é o seguinte: 12.00 a 12.15.

As gardas de recreo serán desenvoltas atendendo ao descrito a continuación:

- Luns: mestra de relixión.
- Martes: mestre titor.
- Mércores: mestre titor.
- Xoves: mestra de inglés.
- Venres: mestra de inglés.

**11.-PROGRAMA E CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.**

Os martes, mércores, xoves e venres entre as 08.30 e as 09.00 levaranse a cabo distintas tarefas relacionadas coa xestión do centro educativo.

PXA EEI CAAMAÑO

## **12.-POGRAMA E CALENDARIO DAS REUNIÓN DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE.**

Os martes, mércores, xoves e venres entre as 14.00 e as 14.30 levaranse a cabo distintas tarefas relacionadas coas diferentes dinamizacións:

- Actividades complementarias e extraescolares.
- Dinamización da lingua galega.
- Dinamización das TIC.
- Dinamización da convivencia.
- Dinamización da biblioteca escolar.

PXA EEI CAAMAÑO

### **13.-PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS OU PROXECTOS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA**

O mestre responsable do centro participa activamente en cursos e conferencias que teñen como fin a súa renovación e reciclaxe. Para este fin conta con plataformas para a formación do profesorado como o CAFI e o CFR, así como PLATEGA. Por outra banda cabe destacar que o centro solicitou para o curso 22-23 a súa entrada en diversas iniciativas recollidas dentro do Plan Proxecta+, atopándonos neste momento á espera da resolución do proceso.

O mestre responsable do centro formará parte á súa vez dun grupo de traballo integrado por outros mestres e mestras da zona, no que baixo a dirección do CAFI, se desenvolverán formacións relacionadas coa xestión da páxina web do centro, a innovación metodolóxica e a programación e o desenvolvemento da acción educativa nas escolas multigrado.

PXA EEI CAMVÁN

#### **14.-MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

Na escola trabállase por proxectos e centros de interese, motivo polo cal todo o material será creado polos propios nenos e nenas. Empregaranse diferentes materiais que serán de vital importancia para o desenvolvemento da nosa proposta didáctica. A escola conta con 2 PDI, 2 ordenadores, 1 tablet, unha Blueboot, un Ozobot dentro do catálogo de recursos relacionados coas Tics. Dentro da nosa proposta didáctica teñen grande importancia á súa vez distintos materiais extraídos da natureza como son as sementes, os troncos, os paus, as pedras ou as cunchas. Á súa vez cabe resaltar a importancia que teñen na nosa proposta didáctica os xogos de mesa, polo que dentro da aula contamos cunha grande variedade deste tipo de xogos. Por último destacar a importancia do conto, polo que contamos cunha pequena biblioteca de aula e unha biblioteca no centro onde este recurso cobra grande protagonismo. Durante os últimos dous cursos e tendo en conta dúas das partidas achegadas pola consellería, creáronse na nosa biblioteca dous espazos de lectura, un adicado á lectura de contos relacionados coa coeducación e a igulade, e outro relacionado coa diversidade funcional.

PXA EEI

## **15.-PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS , EXTRAESCOLARES E CONMEMORACIÓNS.**

Durante o curso 2022-2023 levaranse a cabo actividades complementarias para celebrar as conmemoracións recollidas na orde do calendario do presente curso así como outras relacionadas coa cultura popular de Galicia. De todas elas destacamos:

-28 outubro: Samaín.

-10 novembro: Magosto.

-18 novembro: Día da infancia.

-25 novembro: Violencia de xénero.

-2 decembro: Diversidade.

-30 xaneiro: Día da paz.

-17 febreiro: Entroido.

-23/24 febreiro: Rosalía de Castro.

-8 marzo: Muller.

-6/10 marzo: Semana da prensa.

-31 marzo: Arte galega.

-17/21 abril: Semana do libro.

-15/19 maio: Semana das letras galegas.

-2 xuño: Medio ambiente.



Ademáis de conformidade co establecido no artigo 26.2 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, para favorecer a visibilidade e integrar de forma transversal a diversidade afectivo-sexual, os centros docentes sostidos con fondos públicos realizarán actividades específicas próximas ás datas de celebracións internacionais relacionadas co recoñecemento efectivo do dereito destas persoas.

As saídas a pé ao contorno próximo ao centro, previa autorización das familias, terán cabida durante todo o curso, aproveitando así o contexto rural no que se sitúa o noso centro.

No centro **levaranse a cabo as seguintes actividades extraescolares:**

-Venres de 16.30 a 17.30:

-Arte e creatividade / Cociña.

Esta actividade extraescolar está aberta á participación de:

-*Alumnos/as matriculados no presente curso.*

-*Irmáns de alumnos/as matriculados no presente curso de entre os 3 e os 7 anos.*

-*Antigos alumnos/as que remataran a súa etapa na nosa escola no curso 21-22.*

Cabe destacar que ademáis das actividades extraescolares ás que acabamos de facer referencia, no presente curso contéplanse **tres saídas pedagóxicas fóra do concello** de Porto do Son relacionadas cos contidos traballados na aula. **Realizarase unha por trimestre.** Informarase da data concreta e do horario de realización de cada unha delas á inspección educativa cando estas estén pechadas.

## **16.-PLAN DE AUTOPROTECCIÓN.**

Este plan someterase no presente curso a unha revisión e posterior actualización.

Destácanse diferentes aspectos referentes á seguridade no noso centro:

- Non existe o alumeado de emerxencia.
- Non existe ningunha sinalización de evacuación.
- Existen extintores na planta baixa, pero non así na segunda pranta.
- Calefacción por radiadores eléctricos.
- Distribución do edificio:
  - Planta baixa: Aula, biblioteca, almacén e catro cuartos de baño.
  - Planta alta: Aula de usos múltiples, ximnasio e cuarto de baño.
  - Patio: No cal atopamos un pequeno parque infantil.

*(Establécese o patio como punto de encontro en caso de emerxencia)*

(En caso de emerxencia e a falta de sirena, o aviso darase a viva voz ou por medio dun chifre).

**17.-HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO POR PARTE DO MESTRE RESPONSABLE.**

-Luns, xoves e venres de 11.30 a 12.00

PXA EEI CAAMAÑO

## **18.-PLAN PARA A POTENCIACIÓN E A ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.**

O centro conta con diversos medios de comunicación coas familias: Abalar, Instagram e Facebook, Whatsapp.

Para o desenvolvemento da educación a distancia, na actualidade a escola conta cun blog onde ao rematar os diferentes proxectos de traballo se colga un resumo do mesmo para que as familias teñan acceso ao traballado realizado polos nenos e nenas. Esta ferramenta tamén será empregada en caso de que sexa necesario empregar a educación a distancia durante o curso.

Durante o curso 21-22 planificouse o Plan Dixital da nosa escola que se levará a cabo durante o curso 22-23. Dentro plan recóllese como un dos principais obxectivos a posta en marcha e mantemento da web do centro así como a utilización si fose necesario da súa aula virtual.

Ao longo do Curso manteranse cinco reunións cos pais dos alumnos. En ditas reunións trataranse diferentes temas relacionados co desenvolvemento do proceso educativo a todos os niveis. Estas levaranse a cabo en setembro, decembro, xaneiro, marzo e xuño.

A atención directa aos pais durante o curso establécese os luns de 14.00 a 15.00. Con todo, velarase por preservar o dereito das familias á información da evolución dos nenos/as, a través dos diferentes encontros informais que se producen nas entradas e nas saídas.

Por outra banda, as familias estarán moi presentes no desenvolvemento da acción educativa, aportando ideas e recusos materiais de cara ao desenvolvemento dos diferentes proxectos.

### **19.-PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO.**

-Aula “Recantos”: utilizarase a diario para o desenvolvemento das actividades asociadas aos proxectos, a especialidade de inglés, o xogo por recantos, o desenvolvemento de rutinas e o tempo de merenda.

-Biblioteca “Remanso”: Utilizarase a diario para a realización da asamblea entre as 10.00 e as 10.30 e para a “Hora do conto” entre as 12.15 e as 12.30. Ademais levaranse a cabo actividades de animación á lectura e préstamo de libros os venres entre as 13.15 e as 13.45. A biblioteca será empregada tamén como aula para o desenvolvemento da especialidade de Relixión, os mércores entre as 10.00 e as 10.50. Na biblioteca tamén se levará a cabo un venres cada 15 días a actividade extraescolar de cociña, entre as 16.30 e as 17.30.

-Sala de xogo simbólico: Será empregada os luns e os mércores entre as 13.00 e as 13.45.

-Sala de psicomotricidade: Será empregada os martes entre as 13.00 e as 13.45.

PXA EEI CHAMUSCÁN

## **20.-PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA.**

Durante o curso 2022-2023 non se levarán acabo actividades organizadas pola ANPA. Deixamos a porta aberta a futuras peticións e colaboracións durante o curso.

PXA EEI CAAMAÑO

## **21.-PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO.**

A avaliación do Plan debe ser unha tarefa conxunta entre todos os que interviñeron na elaboración, desenrolo e aplicación do mesmo. A avaliación será formativa ó longo do curso nas sesións previstas nos calendarios, onde se tomarán as medidas correctoras que sexan necesarias

**21.1.-AVALIACIÓN INICIAL** Recollida de datos e suxerencias sobre este Plano nas reunións e das apartacións de todos.

**21.2.-AVALIACIÓN DO PROCESO** Recollida de información a través das reunións periódicas da CCP e das sesión de avaliación sobre as actividades realizadas, Dando a coñecer o estado de desenvolvemento do e analizando as dificultades que se presentan. Propoñendo os cambios necesarios. A consideración que prevalece a hora de fixar os criterios de avaliación do plan é a permeabilidade e a flexibilidade que ten que haber en canto se detecta que os obxectivos non están a ser acadados. Por isto, calquera proposta de calquera membro da comunidade educativa ten que ser tida en conta cara a provocar melloras no plan. Facemos referencia así a unha avaliación a curto prazo que provoca o feedback, que se realiza en períodos curtos, de reunión a reunión.

**21.3.-AVALIACIÓN FINAL** Realización dunha memoria cos datos aportados por todos, así como aquel adquiridos a través de consultas, cuestionarios, entrevistas, contraste de experiencias, etc. Esta memoria incluirá: Enumeración das actividades realizadas e o seu grao de eficacia e cumprimento.

- Unha síntese reflexiva sobre os logros acadados.
- As dificultades atopadas.
- Os factores que influíron nas dificultades.

- Os aspectos que será necesario modificar e mellorar.
- As propostas de innovación necesarias.

**21.4.-CRITERIOS PARA ESTA AVALIACIÓN** Os criterios de avaliación estarán referidos aos obxectivos especificados en cada un dos apartados deste documento. Cada obxectivo ten concretados os seus propios criterios de avaliación.

Para a avaliación global seguiranse os seguintes pasos

1. Grao de satisfacción nos/as alumnos/as.
2. Grao de satisfacción nos/as pais-nais.
3. Grao de satisfacción nos mestres.
4. Adecuación das actividades aos obxectivos propostos.
5. Grado de mellora sobre o rendemento escolar e o desenrolo persoal dos alumnos/as.
6. Nivel de participación dos alumnos/as nas actividades propostas.
7. Grado de consecución dos obxectivos propostos.

Os criterios de avaliación despréndense dos distintos obxectivos propostos e poderían ser resumidos nos seguintes:

Mellora na utilización das técnicas de traballo intelectual por parte do alumnado.

Mellora da comprensión lectora de nenos e nenas.

Detección dos problemas madurativos e/ou de aprendizaxe do alumnado ós



primeiros.

Síntomas Diagnóstico e tratamento eficaz dos nenos e nenas con problemas de aprendizaxe.

Mellora no nivel de autoestima do alumnado e maior control emocional.

Mellora do comportamento social.

Traballo de todo o centro cara a inclusión de todo o alumnado.

Mellora dos tempos de atención e escoita activa dentro da aula.

Elaborar medidas individualizadas e que sexan contempladas e traballadas de xeito conxunto por todo o profesorado que atende ao alumno: coordinación entre o profesorado.

## 21.5.-INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Serán variados , entre outros:

- Rexistro das intervencións de AL
- Cuestionario final de valoración realizado polo titor/a
- Avaliación final ao departamento de Orientación por parte de todo o profesorado
- Aplicación na aula das estratexias recomendadas
- Grao de implicación do centro nas propostas
- grao de consecución das accións previstas no plan
- Estatísticas que relacionan demandas recibidas e demandas atendidas

- Cuestionario que recolla opinións

Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan para elaborar unha memoria a partir da cal planificar a mellora do plan de cara ao curso seguinte. Polo tanto a avaliación será tamén formativa, permitindo a retroalimentación.

PXA EEI CAAMAÑO

## **22.-PLAN LECTOR.**

O conto é unha ferramenta fundamental na metodoloxía da nosa escola, por eso estará presente de diversas formas ao longo dos distintos proxectos que se levarán a cabo ao longo de todo o curso.

Máis especificamente, de cara ao desenvolvemento do Plan Lector establece:

-Hora do conto: a diario no “Remanso”, entre as 12.15 e as 12.30.

-Servizo de préstamo de libros e animación á lectura: Venres entre as 13.00 e as 13.45.

PXA EEI CAAMÁN

### **23.-PROXECTO LINGÜÍSTICO.**

Para o desenvolvemento deste apartado ceñirémonos ao regulado no **Decreto 79/2010 do 20 de maio**, e na **Orde do 25 de xuño do 2009**.

O mestre responsable do centro asumirá a función de dinamizador da lingua galega.

Do estudo socio-lingüístico realizado ao inicio do curso extraense os seguintes datos:

- 1.-Establécese que a lingua predominante no contorno do centro é o Galego.
- 2.- Os resultados da pregunta aos pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado do centro, coa que obtemos información con respecto á lingua materna predominantante, determina que o 65% das familias empregan o galego con asiduidade, mentres que o restante 35% emprega o castelán.
- 3.-Atendendo aos datos extraídos do Proxecto Lingüístico do centro establécese o galego como lingua vehicular e terase á súa vez en consideración, a aprendizaxe e utilización de igual maneira da outra lingua cooficial da nosa comunidade autónoma.

No centro impartiranse dúas sesións semanais de inglés:

-Xoves: 12.30 a 13.00

-Venres: 12.30 a 13.00

**24.-ACTIVIDADES LEVADAS A CABO DENTRO DOS PROGRAMAS DO PLAN PROXECTA.**

No presente curso o centro levou a cabo o seu rexistro para a participación en diversas propostas do Plan Proxecta+, estando á espera da resolución na que se comuniquen os centros admitidos dentro de cada plan. Contamos cunha experiencia de 3 anos dentro deste plan, coa nosa participación no Proxecto ríos e no Proxecto animais.

PXA EEI CAAMANO

## **25.-CONCRECIÓN DO PLAN ANUAL DE CONVIVENCIA**

No presente curso revisarase e actualizarase o Plan de Convivencia de cara ao curso que ven (2023-2024). No que se refire á convivencia, dende o noso centro educativo, velarase por unha correcta relación familia-escola, a creación dun clima de seguridade afectiva e confianza no que o neno poida desenvolver plenamente a súa autonomía e a súa posterior socialización. No desenvolvemento de dita socialización, a escola promocionará a boa convivencia, o respecto á diversidade, ás diferenzas e ao xénero. No marco do Plan de Convivencia do centro, desenvolveranse durante o presente curso diversas propostas que pretenden transmitir valores relacionados con este eido, así como coa resolución pacífica de conflitos, a cooperación ou a preocupación polos demais. Destacarán a de establecer a través diferentes medios de comunicación e actividades lazos coas escolas veciñas de Seráns, Carballosa e Queiruga, para a realización de actividades conxuntas e/ou a distancia. Á súa vez, destacar o desenvolvemento dunha programación de aula conxunta asociada á EEI A Granxa da Pobra do Caramiñal, a través da cal, os nenos e nenas compartirán experiencias e levarán a cabo unha aprendizaxe conxunta.

Mención especial neste eido ao traballo co grupo de nenos e nenas que conforman a nosa escola, do respecto cara á diferenza, e a posta en valor da integración dentro do grupo de iguais de todas e cada unha das diversidades e personalidades presentes na mesma.

## **26.PLAN DIXITAL.**

Durante o curso 2022-2023 iniciarase o desenvolvemento do Plan Dixital confeccionado o curso pasado. Os principais obxectivos deste plan para o noso centro son:

- Actualización da páxina web do centro.
- Desenvolvemento da aula virtual da escola.
- Mellora e renovación dos recursos tics da escola.
- Mellora das competencias TIC tanto do alumnado como do profesorado.

PXA EEI CAAMAÑO

## **27.-ORZAMENTO ECONÓMICO.**

Actualmente, en outubro do 2022, o noso centro conta con un total de 362 euros na súa conta bancaria.

Co presuposto actual, así como coas achegas de Consellería de Educación e os beneficios obtidos das diferentes iniciativas desenvolvidas dentro do Réxime Económico da escola, atenderase aos seguintes gastos:

- Compra de material de traballo e diferentes recursos educativos para o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe na escola.
- Mellora das instalacións e do mobiliario do centro en xeral.
- Darlle continuidade á renovación de recursos materiais e educativos.
- Reposición do botiquín básico da escola.
- Realización de actividades complementarias e saídas didácticas.

Porto do Son a 20 de Setembro do 2022

O mestre responsable do centro

ASDO: Rodrigo Pérez Lago



***Esta programación foi aprobada polo Consello Escolar o día***

***20 de outubro do 2022..***

***Queda constancia no libro de actas da escola.***

PXA EEI CAAMAÑO